

ADMINISTRACIÓN LOCAL MUNICIPAL VALDOVIÑO

Convocatoria pública para elexir xuíz de paz titular no Concello de Valdoviño

A N U N C I O

Convocatoria pública para elexir Xuíz de Paz Titular no concello de VALDOVIÑO (A CORUÑA).

Acórdase iniciar expediente para elección do cargo de Xuíz de Paz Titular do concello de Valdoviño, coas seguintes bases:

Obxecto.- O obxecto da presente convocatoria é a elección de Xuíz de Paz Titular do Concello de Valdoviño.

Requisitos dos aspirantes.- Os aspirantes deberán de reunir as condicións establecidas no artigo 102 da precitada Lei Orgánica, a saber: "Podrán ser nombrados Jueces de Paz, tanto titulares como sustitutos, quienes, aún no siendo licenciados en Derecho, reúnan los requisitos establecidos en esta Ley para el ingreso en la Carrera Judicial y no estén incurso en ninguna de las causas de incapacidad o incompatibilidad previstas para el desempeño de funciones judiciales, a excepción del ejercicio de actividades profesionales o mercantiles".

Condicions legais:

- .- Ser español
- .- Ser maior de idade
- .- Non estar incorso en ningunha das incapacidades establecidas na Lei Orgánica do Poder Xudicial.

Incapacidades.- Están incapacitados os impedidos físicas ou psiquicamente para a función xudicial, os condenados por delito doloso mentres non obtiveran a rehabilitación, os procesados ou inculpados por delito doloso en tanto non sexan absolto ou se dite auto de sobreseimento, e os que non estean en pleno exercizo dos seus dereitos civís.

Presentación de solicitudes.- As solicitudes presentaranse no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño, ou de calquera dos xeitos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro de réxime xurídico das Admons. Públicas e do Procedemento administrativo común.

Prazo de presentación: 15 DIAS HÁBILES, a contar dende o seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

Á solicitude unirse a seguinte documentación:

- 1º.- Certificación de nacemento ou fotocopia cotexada do DNI.
- 2º.- Certificación expedida polo Rexistro Central de Penados e Rebeldes e declaración complementaria a que fai referencia o artigo 2 da Lei 68/80 de 1 de decembro de Conducta Cidadá, sobre si se atopa inculpado ou procesado.
- 3º.- Declaración xurada sobre se incorre nalgún suposto de incompatibilidade para o desempeño das funcións xudiciais, recollidas, respectivamente no artigo 303 a 389 e 397 da LOPX , a excepción de actividades profesionais ou mercantís (arts. 1 2 e 14 do Regulamento dos Xuices de Paz).
- 4º.- Xustificación dos méritos que alegue o solicitante; con indicación da profesión e actividades que realiza.

Elección.- A elección será efectuada polo Pleno do Concello, mediante acordo adoptado co voto favorable da maioría absoluta dos seus membros, entre as persoas que reunindo os requisitos legais o solicitan.

O candidato a Xuíz de Paz Titular, proposto polo Concello, será nomeado no seu cargo pola Sala do Goberno do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

O que se fai público para xeral coñecemento.

Valdoviño, 12 de xaneiro de 2015.

O Alcalde,

Asdo.: José Antonio Vigo Lago.